



MEMORIA EXPLICATIVA

DO CONTIDO DO PRESUPOSTO PARA O EXERCICIO 2019 QUE FORMULA O SR. PRESIDENTE, EN CUMPRIMENTO O DISPOSTO NOS ARTIGOS 168.1, a) DA LEI 2/2004, DE 5 DE MARZO, TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS E 18.1 a) DO REAL DECRETO 500/1990, DE 20 DE ABRIL.

Procedéndose á formación do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondente ao exercicio de 2019, o contido do mesmo, en síntese é o seguinte:

1. ESTADO DE GASTOS

En relación cos gastos correntes, prevense os correspondentes créditos destinados ós gastos de persoal en función das retribucións reguladas na lexislación vixente. Debemos indicar que as cantidades aumentáanse con respecto ao ano pasado, en funcións dos datos suministrados polo negociado de persoal. Ascendendo o capítulo I á cantidade de 508.270,00 €, o que representa un ascenso de 13.770 €.

Tomando como antecedente as necesidades dos distintos servizos que deben prestarse durante o exercicio económico, consignáronse os créditos necesarios para a compra de bens correntes e gastos fixos para atender os servizos básicos. Neste aspecto cabe destacar que se aumenta a aplicación presupostaria de enerxía eléctrica cando tería que terse reducido polos cambios operados polo Departamento de Electricidade, nembargante debido ao recoñecemento extraxudicial de crédito que tivo que aprobarse a consecuencia dos erros de facturación da Compañía Eléctrica debe incrementarse o crédito.

Auméntanse as partidas correspondentes a reparacións de instalacións e maquinaria, así como a partida destinada a limpeza de instalacións, isto último debido sobre todo á que a Fundación de Deportes debe afrontar a limpeza das instalacións de Fexdega e que está en proceso unha nova licitación.



Redúcese a aplicación presupostaria de actividades deportivas por destinar os premios aos créditos correspondentes no capítulo IV a consecuencia das circulares/consultas emitidas pola Axencia tributaria en canto a premios por actividades deportivas. Auméntase o crédito de Escolas Deportivas en 5.000 € para afrontar o maior custe das escolas en función da liquidación do exercicio anterior. Tamén se realiza un incremento na aplicación presupostaria de mantemento de instalacións deportivas para recoller as novas licitacións que precisen tramitarse para atender as necesidades e instalacións actuais. En consecuencia o capítulo II ascende a 533.215 €, que representa un incremento con respecto ao ano anterior de 30.870 €.

Ao obxecto de prever a concesión de subvencións e axudas económicas que poidan outorgarse ao longo do exercicio, consígnanse créditos no capítulo IV por importe de 144.360,00 €, o que supón un incremento da cantidade do exercicio anterior, en parte debido a que neste capítulo deben recollese os premios de actividades deportivas, así como a posibilidade de outorgar novas subvencións.

Por último, establecece unha partidas de inversións no capítulo VI por importe de 25.000 €, destinada a compra de determinados bens como marcadores, maquinas para pintar campos, mobiliario e reparacións de certa envergadura nas instalacións municipais. As grandes inversións a realizar nas instalacións deportivas están recollidas no anexo de inversións do orzamento municipal ou en plans de subvencións doutras administracións públicas.

En consecuencia, resulta que as principais modificacións que se introducen no estado de gastos tanto a nivel de clasificación económica como funcional **representan un incremento de 64.000 € con respecto ao ano anterior**, e son as que, de forma resumida, indícanse:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS

CAPÍTULO	CLASIFICACIÓN 2018	CLASIFICACIÓN 2019	DIFERENZA
I	494.500,00	508.270,00	13.770,00
II	502.345,00	533.215,00	30.870,00
III	50,00	50,00	0,00
IV	120.000,00	144.360,00	24.360,00
VI	30.000,00	25.000,00	-5.000,00
TOTALES	1.146.895,00	1.210.895,00	64.000,00



CLASIFICACIÓN FUNCIONAL GASTOS

AREA	CLASIFICACIÓN 2018	CLASIFICACIÓN 2019	DIFERENZA
3	1.146.895,00	1.210.895,00	64.000,00
TOTALES	1.146.895,00	1.210.895,00	64.000,00

2. ESTADO DE INGRESOS

En canto aos recursos ordinarios comprendidos nos Capítulos III foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base o acordo regulador en vigor do prezo público pola utilización de instalacións deportivas, manténdose as consignacións presupostarias no prezo público por utilizacións de instalacións deportivas e o prezo público por prestación de actividades deportivas, tal e como se está a manifestar na execución do último orzamento.

Por outro lado, tívose en conta as transferencias procedentes do Concello, que se incrementa en 63.000 € con respecto á do ano anterior, procedéndose neste exercicio a separar as transferencias para gastos correntes (1.090.000 €) e as transferencia para gastos de inversión (25.000 €), representando as transferencias do Concello o 92,08% do presuposto de ingresos da Fundación. Mantéñense as transferencias da Deputación no mesmo importe que o ano anterior e as transferencias de empresas privadas crecen minimamente.

Dentro dos ingresos patrimoniais (capítulo V) recóllense os ingresos polas licitacións das cafeterías do Pavillón de Fontecarmoa e do C.F. Manuel Jiménez.

En resumo, o presuposto actual crece en 64.000 € con respecto ao exercicio anterior, derivado en grande parte pola maior aportación do Concello. As principais modificacións que presenta o estado de ingresos, en relación co presuposto do exercicio anterior, son as que, en resumo, relaciónanse a continuación:



CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

CAPÍTULO	CLASIFICACIÓN 2018	CLASIFICACIÓN 2019	DIFERENZA
III	62.010,00	62.010,00	0,00
IV	1.073.000,00	1.112.000,00	39.000,00
V	11.885,00	11.885,00	0,00
VII	0,00	25.000,00	25.000,00
TOTALES	1.146.895,00	1.210.895,00	64.000,00

3. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

As bases de execución do orzamento da Fundación de Deportes son as mesmas que as do Concello.

En Vilagarcía de Arousa, sinatura electrónica
O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES
Argimiro Serén Mera.